

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DA I EDICIÓN DO “CURSO DE SAÚDE LABORAL E CONDICIÓNS DE TRABALLO”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Consello Galego de Relacións Laborais, en xuntanza da Comisión Permanente de data 17 de abril de 2023, acordou a realización da I edición do curso de saúde laboral e condicións de traballo en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, co obxecto de afondar na relación que o absentismo e as incapacidades laborais teñen coa exposición a factores de risco psicosociais, como son as condicións de traballo.

O curso é proposto dende a colaboración de dúas institucións públicas que entenden a importancia de analizar e profundizar nesta materia, así como a necesidade de formación nese eido.

Diríxese o curso ao alumnado do Sistema Universitario Galego, así como a persoas profesionais que están relacionadas, directa ou indirectamente, coa prevención de riscos laborais e repercusión desta nas condicións de traballo.

Con este propósito formativo, tense proposto pola Universidade de Santiago de Compostela e o Consello Galego de Relacións Laborais a I edición deste curso de saúde laboral e condicións de traballo.

Existe converxencia de intereses entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Santiago de Compostela en orde á consecución do obxecto referido, polo que se considera necesaria a subscripción dun convenio de colaboración para resolver a concesión directa dunha subvención a esa universidade, conforme ao disposto no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 37 do seu Regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O convenio axústase ao disposto no artigo 26. 2 da citada Lei de subvencións de Galicia e ten por obxecto establecer os compromisos aplicables e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as dúas entidades referidas para a realización da I edición do CURSO DE SAÚDE LABORAL E CONDICIÓNS DE TRABALLO, que se desenvolverá desde o 21 de setembro ata o 29 de novembro de 2023. O período de vixencia do convenio estenderase dende a súa data de sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

O Consello Galego de Relacións Laborais financiará con 30€ a matrícula de cada un dos 20 participantes propostos. A cantidade total (600,00€) abonaráselle á Universidade de Santiago de Compostela unha vez rematado o prazo de matrícula, mediante transferencia desde a aplicación orzamentaria 11.B1.324A.444.12. O dito importe será computado á marxe da subvención regulada neste convenio para o funcionamento do curso. Este importe non cobre os prezos públicos por expedición de títulos, que será abonado por cada estudante matriculado.

O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento da I edición deste *Curso de saúde laboral e condicións de traballo*, mediante a achega de TRECE MIL CATROCENTOS EUROS (13.400,00€), con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, aplicación orzamentaria 11.B1.324A.444.12, denominada “Subvención á Universidade de Santiago de Compostela”, na que está previsto crédito axeitado e suficiente, segundo certificación expedida pola secretaria xeral do organismo, que se xunta ao convenio como **Anexo II**.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2023

Antía Sández Callejo

Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais